Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO CONSELLO SOCIAL DO 26.09.2023

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo
DATA: 26.09.2023
HORA DE COMEZO: 12:00 h.
HORA DE REMATE: 12:50 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
López Fernández, Yolanda
Ortiz Álvarez, Ana María
Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José

O martes, día 26 de setembro de 2023, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.07.2023).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Asociación de Estudantes de Enxeñaría que promoven a iniciativa UVigo SpaceLab para o deseño, fabricación e operación dunha misión espacial real.
4. Acordo que proceda sobre a petición de apoio á XII edición de EDUGAL 2023, salón orientado a asesorar ao estudantado sobre a oferta de opcións educativas e facilitar a transición dende os institutos á universidade.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio á "Noite europea das persoas investigadoras (G-Nigth)", a petición da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
6. Acordo que proceda sobre o apoio solicitado dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para a "Semana de cine submarino" que organiza a Universidade de Vigo.
7. Acordo que proceda sobre a proposta remitida polo autor, para financiar a edición dun libro titulado *"Veinticinco años entre amigos de la Universidad de Vigo"*.
8. Aprobación, se procede, da concesión dunha aportación para a presentación en Galicia do libro *"Pasión por la educación"*, do profesor Francisco Michavila.
9. Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para o curso 2023/2024, debendo dar conta da resolución na primeira reunión do Pleno que se convoque.
10. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia das presentes e xustifica a ausencia de César Blanco e María José Bravo por causas profesionais.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.07.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa dá conta do resumo de axudas concedidas e puntos aprobados pola comisión ao longo de 2023, en niveis moi semellantes ao ano anterior.

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Asociación de Estudantes de Enxeñaría que promoven a iniciativa UVigo SpaceLab para o deseño, fabricación e operación dunha misión espacial real.

Estudantes de grao, máster e doutorado de distintas titulacións, escolas, facultades e campus –non só do ámbito das enxeñarías, senón tamén ata Filoloxía ou Tradución- crearon a *Asociación UVigo SpaceLab* con diferentes obxectivos, que para 2024 concrétanse en acadar un satélite completamente operativo, para unha misión espacial real que permita estudar os efectos en microorganismos vivos sometidos a unha exposición prolongada ao ambiente espacial. O experimento biolóxico na órbita baixa terrestre durará un mínimo de nove meses. Será a primeira misión cun satélite deseñado, fabricado e testado polo equipo. A proposta do presidente:

- ***Concédese unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a petición de apoio á XII edición de EDUGAL 2023, salón orientado a asesorar ao estudantado sobre a oferta de opcións educativas e facilitar a transición dende os institutos á universidade.

Organizado en Pontevedra por AEMPE, EDUGAL significase por ser o maior Salón de Educación e Formación de Galicia, con especial atención ao estudantado que estea finalizando a ESO, BUP ou ciclos de formación, para facilitar o tránsito á universidade. Concibido como plataforma de información global, os expositores teñen acceso a unha intensa actividade promocional da súa oferta, mediante Stands, charlas, coloquios e actividades varias. As áreas de exposición céntranse en estudos universitarios, formación profesional, formación militar, idiomas e ofertas educativas no estranxeiro, emprego e novas tecnoloxías. Ernesto Pedrosa e Silvia Crespo acreditan a importancia da iniciativa.

- ***Apróbase unha aportación de 2.500 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio á "Noite europea das persoas investigadoras (G-Nigth)", a petición da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

A Noite galega das persoas investigadoras (G-Night) revélase como un evento de divulgación científica que se celebra de xeito simultáneo en cidades de toda Europa, e que no caso de Galicia coordina a UVigo. O obxectivo é achegar a ciencia a espazos públicos, a través de charlas, obradoiros, rutas científicas, teatro ou experimentos, xogos e mesmo proxeccións e experiencias interactivas. Exemplos no caso de Vigo: como descontaminar as augas, unha viaxe polo nanomundo, entender o cerebro ou como facer robots. A iniciativa é de gran utilidade para a captación de alumnado, por ser estudantes moitos dos asistentes. A petición da Vicerreitoría de Comunicación:

- ***Concédese unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para a "Semana de cine submarino" que organiza a Universidade de Vigo.

Organizada pola Vicerreitoría de Comunicación, a Semana de cine submarino UVigo converte a Vigo en referencia obrigada para os interesados no mar e no cine. A vocación mariña da UVigo (amosada no campus de excelencia internacional Campus do Mar, facultades de Bioloxía e Ciencias do Mar e ECIMAT) envórcase na organización do evento, no que documentalistas, cineastas e científicos contribúen a enriquecer a experiencia dos espectadores con coloquios tralas proxeccións, e no que se amosan os máis sorprendentes sistemas acuáticos dende a superficie dos océanos ata os mais escuros abismos de norte a sur do planeta.

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a proposta remitida polo autor, para financiar a edición dun libro titulado "Vinte e cinco anos entre amigos da UVigo".

Explica o presidente que co gallo de cumprirse 33 anos da creación da UVigo e o 25 aniversario da Asociación de amigos, promóvese esta edición da publicación "*Veinticinco años entre amigos de la Universidad de Vigo",* por iniciativa do presidente de Alumni, José María Franco. A comisión acorda propoñer a aprobación provisional dunha aportación de 2.381 € para a edición, e iniciar xestións para a recondución do índice e un enfoque orientado a incorporar na temática xeral o papel dos Consellos Sociais, coa pretensión de elaborar unha publicación que sirva de soporte para entregar como agasallo dun acto conmemorativo da creación e inicio da actividade dos Consellos Sociais en Galicia, previsto para 2024 e ao que se convidará a todos os ex-membros deste Consello Social ao longo da súa existencia.

- ***Apróbase de xeito provisional este asunto á espera da súa reformulación.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da concesión dunha aportación para a presentación en Galicia do libro "Pasión por la educación", do profesor Francisco Michavila.

Resume Ernesto Pedrosa a proposta sinalando que o libro *"Pasión por la Educación"* agrupa diferentes perspectivas sobre o futuro das universidades, e mergullase na aventura de crear unha universidade e analizar a difícil convivencia co poder político e cuns gobernantes "alleos ao progreso da universidade española no marco do europeísmo". Neste percorrido, o profesor Francisco Michavila aborda tamén o futuro das universidades a través das políticas que definen a organización e funcionamento, a relación profesores-estudantes e a relación co entorno e o territorio. Distintas personalidades como Pérez Rubalcaba, Esperanza Aguirre, J.M. Bricall, Peces Barba ou o Nobel Aaron Klug aportan os seus puntos de vista.

- ***Apróbase unha achega que axude a presentar a publicación en Vigo.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para o curso 2023/2024, debendo dar conta da resolución na primeira reunión do Pleno que se convoque.

Dá conta o presidente de que o procedemento iniciado en xuño para adxudicar as bolsas de colaboración do estudantado nos departamentos universitarios, concedidas á UVigo, polo Ministerio de Educación remata co peche de presentación de solicitudes e unha nova reasignación que deberá efectuar o Consello Social á vista da listaxe provisoria que remitirá o Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos. Co fin de garantir o cumprimento dos prazos que se establezan no seu momento, proponse delegar no presidente a probación da reasignación definitiva, debendo dar conta da resolución na primeira reunión que se convoque.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas.

O presidente introduce unha reflexión sobre a incidencia que terá a LOSU nos novos cometidos dos Consellos Sociais e na variación de competencias. Especialmente refire o caso do Plan de Actuacións que ata agora debían elaborar os consellos sociais, con periodicidade anual e con carácter aberto, e que coa nova lei pasará a ser trienal e con ámbitos de actuación concretos, ademais de que deberá ser supervisado polo Consello Social e o Consello de Goberno en sesión conxunta. Ante esta circunstancia, e á espera do desenvolvemento efectivo da LOSU, Ernesto Pedrosa comunica que parece oportuno adiar a elaboración do Plan ata entón.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:50 horas do 26 de setembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente, O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva Ignacio Rodríguez Iglesias